



COLEXIO  
PROFESIONAL  
DE XORNALISTAS  
DE GALICIA



## ACTA DO XIX PREMIO JOSÉ COUSO DE LIBERDADE DE PRENSA

O pasado 8 de abril cumpríronse vinte anos desde que unha bomba asasinou a José Couso e Taras Protsyuk no Hotel Palestina en Bagdad. Vinte anos nas que as súas familias seguen reclamando xustiza para que estas mortes non queden impunes.

Hoxe fallamos o XIX Premio José Couso de Liberdade de Prensa, conscientes de que o acontecido no Hotel Palestina segue sen esclarecerse e sen que os seus responsables foran levados ante as autoridades. Neste ano, no que seguimos a pedir xustiza para José Couso, temos que mirar ao noso arredor con preocupación pola situación no que os e as xornalistas levan a cabo o seu labor.

A situación en países como Ucraína, onde, segundo Reporteiros Sen Fronteiras, xa morreron oito xornalistas dende o comezo do conflito, ou a de Irán e Afganistán, onde a liberdade de prensa desapareceu xunto con outros dereitos fundamentais, supoñen un panorama mundial difícil para os xornalistas, pero aínda peor para as xornalistas.

É por iso polo que, no ano no que celebramos a décimo novena edición do Premio José Couso, queremos insistir no noso chamamento ás autoridades para que poñan todos os medios para defender a liberdade de prensa e o dereito a informar, base de calquera sociedade civilizada e democrática, e que dunha vez por todas se esclarezan os asasinatos de José Couso e Taras Protsyuk.

Co Hotel Bagdad na nosa memoria, e como tributo aos e ás xornalistas que poñen en perigo a súa integridade para informar, fallamos a décimo novena edición do Premio José Couso de Liberdade de Prensa.

Este premio leva mantendo a memoria de José Couso, dezanove anos, desde 2005, e a lista de galardoados vai crescendo con figuras destacadas da profesión xornalística: Ali Lmrabet (2005); *Le Monde Diplomatique* (2006); Jon Lee Anderson (2007); o finado José Vidal-Beneyto (2008); Rosa María Calaf (2009); Daniel Anido e Rodolfo Irago (2010); WikiLeaks (2011); o Consejo de Informativos de TVE (2012); Mónica G. Prieto (2013); Marc Marginedas, Javier Espinosa e Ricardo García Vilanova (2014); Jordi Évole (2015); Miguel Angel Aguilar (2016); Xosé Andrés Vázquez Hermida (2017); Julia Otero (2018); #DefendeaGalega (2019); Lorenzo Milá (2020); Manuel Rico (2021) e Érika Reija (2022). A todos eles sumarase a persoa gañadora desta edición, elixida por os propios membros do Colexio de Xornalistas e do Club de Prensa, que votan ano tras ano quen é merecedor do galardón.

Nesta edición concorreron tres candidaturas: **Mònica Bernabé**, xornalista destacada polo seu traballo en Afganistán; **Marcos Méndez**, xornalista lucense centrado agora na cobertura da guerra en Ucraína; **Reporteiros Sen Fronteiras**, organización non governamental internacional que defende a liberdade de prensa no mundo. Non cabe dúbida de que as tres candidaturas son merecedoras do galardón e recoñecemento polo seu labor xornalístico.

O martes 18 de abril ás 10.00 horas, nun acto que tivo lugar en Santiago de Compostela, procedeuse ao reconto dos votos emitidos. Esta operación foi supervisada e avalada polo señor notario **Héctor Pardo**, do Ilustre Colexio Notarial de Galicia, quen deixou fe do reconto na acta número **262** do seu protocolo.

Abertos os votos e recontados polo notario, este levantou acta da repartición dos mesmos entre as tres candidaturas que optaban ao galardón. Como consecuencia deste escrutinio, resultou vencedora, con maioría suficiente e sen necesidade de voto de calidade do presidente do xurado, a candidatura de **Marcos Méndez**.

A organización quere transmitirle a súa felicitación ao xornalista gañador, co que xa contactou para comunicarlle o resultado da votación.

Non queremos rematar sen facer unha mención especial, de novo, ao xornalista **Pablo González**, quen está nun cárcere de Polonia desde o 28 de febreiro de 2022. Ao igual que fixemos na pasada edición, solicitamos das autoridades que realicen todas as xestións necesarias para que se respecten os seus dereitos e se aclare a súa situación xudicial, con todas as garantías, o antes posible. Tamén aos e as xornalistas iranianos e afgáns que pola situación dos seus países, foron privados da liberdade de expresión e viven con temor polo mero feito de querer defendela.

E, para que así conste, asínase esta acta.

Santiago de Compostela, 19 de abril de 2023.

Darío Janeiro  
Secretario do Premio José Couso